

SUZHOU RIVER

Lou Ye, 2000

1125

ESTREA EN NUMAX: 23.06.2023 | V.O.S.E. | +12 | 79 min

En Shanghái, á beira do caótico río Suzhou, Mardar viaxa por toda a cidade repartindo paquetes na súa motocicleta. Durante un dos seus encargos, coñece a Moudan e ambos namoran perigosamente. Pero en realidade, Mardar foi contratado para secuestrala e chantaxear a seu pai. Ao descubrir a traizón, Moudan véñse abaixo. Despois de pasar tres anos en prisión, Mardar regresa ao río Suzhou na procura da súa amada. É así como coñece a Meimei, unha bailarina que se parece, como dúas pingas de auga, a Moudan.

A restauración en 4K desta obra de culto do cinema chinés contemporáneo reivindica definitivamente ao cineasta Lou Ye.

«Unha apaixonante historia de amor e obsesión»

David Rooney, VARIETY

Máis información e entradas en



Entrevista con Lou Ye: «Suzhou River liberoume creativa e tecnicamente»

Por Wang Mu Yan

Cal é a orixe de *Suzhou River*? Comezou co meu desexo de fotografar o río Suzhou e logo xurdiu a idea de usalo como escenario para algúns personaxes. Escribín algunhas descrições de personaxes e as relacións entre eles, pero non había un guión rematado. Durante a preparación, lin unha reportaxe, e aínda lembro o titular: “Espectáculo de sereas”, e había fotos, así que decidín engadilo á miña historia. E logo, por suposto, estaba o “eu”, e todo iso constituíu o comezo do filme.

Con ese “eu” participando no filme como “director”, xa se ve un forte desexo de expresión desde o inicio. Cantos días tardou en rodar arredor do río Suzhou? Máis de 30 días, en película Super 16. E fixémoslo ao estilo tradicional, posto que non podíamos facer tomas moi longas debido á lonxitude limitada dos rolos de celuloide. Esas limitacións técnicas tamén supuxeron un gran problema para a fotografía, improvisada e de cámara en man. Estabamos montando o filme mentres buscabamos inversión. Foi unha sorte coñecer a Philippe Bober con quen finalmente rematamos o filme. Montouse todo en Berlín.

Das filmacións dos 30 días de rodaxe naceu un “filme” que era totalmente diferente ao que coñecemos agora. Había unha versión dunha hora totalmente diferente da versión final. Na orixinal basicamente seguíamos os personaxes e as súas historias entrelazadas. Os elementos das dúas versións eran similares, pero pensamos na montaxe e a estrutura da versión final máis adiante, xa na mesa de montaxe.

Durante a montaxe en Berlín, completou o guión para unha rodaxe adicional e incluso revisou o “guión” de todo o filme? Si. Deixei de lado o chamado “guión” durante a montaxe e só me centrei nas filmacións que tiñamos para ver que podíamos facer. O esquema para a rodaxe adicional tamén se baseou no que xa se fixera.

***Suzhou River* gañou o premio Tiger no Festival Internacional de Cinema de Róterdam no 2000. Pero prohibíronlle oficialmente facer filmes e proxectos internacionalmente sen o o permiso das autoridades.** Se non lembro mal, esa pena existe desde hai moitos anos e segue aí. Prohibíronme facer cinema durante dous anos cunha multa de 20000 iuáns (risas). Solicitei o permiso de proxección do filme hai varios anos, pero nunca obtiven resposta. Pero calquera que queira velo pode encontralo moi facilmente.

Pasaron 22 anos desde a súa estrea. Mirando cara atrás, que fai que *Suzhou River* sexa especial para vostede? Sen dúbida cambiou a miña vida. Cando fixen *Suzhou River*, experimentei todo tipo de dificultades para rodar, desde problemas técnicos, problemas de censura ata desafíos creativos como a montaxe... Retrospectivamente falando, esa experiencia preparoume para os meus traballos posteriores.

Todos os desafíos posteriores non me eran descoñecidos. Non me sinto ansioso facilmente, xa que *Suzhou River* en certa forma anticipou todos os obstáculos posibles. Esteticamente falando, *Suzhou River* é un fito na miña carreira. Liberoume, creativa e tecnicamente. A liberdade de facer cinema éo todo e é algo belo.



Na librería
NUMAX
numax.org/librería

Pack Universo Wong Kar Wai,
Wong Kar Wai.
Avalon [BR]

Historia del cine chino,
Ricard Planas Penadés.
Almuzara, 2002